

O NOSO VALENTÍN

Alfonso Álvarez Gándara
Escritor e Avogado

Resumo: O traballo realiza un breve percorrido polas distintas facetas da biografía de Valentín Paz-Andrade. Recolle unha serie de anécdotas que retratan o seu carácter e apunta feitos relacionados co exercicio da avogacía, cos seus coñecementos económicos e coa súa militancia política. Para rematar, o artigo avalía as opinións de Paz-Andrade acerca das relacións entre o idioma galego e o mundo da lusofonía.

Abstract: This paper goes through several aspects of Valentín Paz-Andrade's biography. Recalling an important amount of anecdotes about his personality, it points out a number of facts related to Paz-Andrade's work as a lawyer, his knowledge in economics and his enduring political commitment. The paper finally evaluates his views on the relationship between Galician language and the so-called lusofonía.

Palabras Chave: Valentín Paz-Andrade, biografía, memorias.

Keywords: Valentín Paz-Andrade, biography, memories.

Non tendo este que vos fala a calidade de especialista en materia ningunha, pedín que se me deixara acollerme ao título de “O noso Valentín”, o que, en principio, parece que me autoriza para moverme ao chou polos diversos eidos nos que a figura deste congreso foi figura.

Non en van, dentro do mundo do galeguismo é daqueles que figuran polo seu nome propio: Valentín, Daniel, D. Ramón, Celso Emilio...

Valentín, María del Pilar (aquela beleza luminosa de porcelana) e o seu fillo único, Alfonso están presentes acotío na miña infancia e na miña adolescencia. O bufete do avogado en Policarpo Sanz, o seu domicilio na praza de Compostela e as casas contiguas de Marqués de Valladares, onde moraban os Álvarez Blázquez e exercía a Medicina meu pai, formaban un triángulo pequerrecho.

Valentín era o personaxe central da “Peña do Alameda”, verdadeiramente, un ateneo de peto. Os ditos e os feitos máis relevantes da peña eran comentados logo na “Peña dos Álvarez Blázquez” que tiña lugar diariamente na casa de Darío, á hora do café.

Tamén estaba en contacto a través dos veraneos en Coruxo, onde se formaba unha especie de seminario permanente de galeguismo e de antifascismo, arredor das casas veciñas de Plácido Castro, Paco del Riego, Darío e Xosé M.^a Álvarez Blázquez, Xosé Sesto López e algo máis tarde, Celso Emilio. Valentín pertencía ao círculo dos eventuais ou visitantes, o que incluía o seu primo o traumatólogo Xavier Andrade, os pintores Carlos Maside e Manuel Colmeiro, o arquitecto Emilio Bugallo Orozco, o bohemio xornalista Celso Collazo, o músico Isidro B. Maiztegui, a Xaime Isla Couto, o mestre arqueólogo Pedro Díaz e, en fin, unha tribo de científicos represaliados e acollidos pola meritoria empresa Zeltia, todos eles conectados polo médico Ramón Obella Vidal, entre os que se alistaban celebracións da ciencia como Faustino Cordón Bonet, Andrés León Maroto, Fernando Calvet Prats ou Miguel Catalán Sañudo.

Pido a vosa licenza para comezar con algúns apuntamentos anecdóticos que latexan na miña memoria e contribúen ao perfil do home.

O LACONISMO

Así, por exemplo, algúns trazos do seu laconismo ocasional, sobre todo, no seu estilo telefónico.

O ilustre notario Alberto Casal Rivas gustaba de dicir: “perdonadme un momento, que voy a callar por teléfono con Valentín”.

Un día, en chegando ao seu bufete, verifica que leva postos dous zapatos de diferente cor e chama á súa casa para normalizar a situación: “María del Pilar, por favor, mándame un zapato”.

Unha mañá, conduce a súa familia e a miña á festa da Coca, en Redondela. De repente, un rapaz cruza a estrada meténdose literalmente debaixo das rodas do automóbil. Valentín consegue deter o coche a tempo. A impresión déixanos mudos a todos. É só logo de varios minutos que o condutor se anima a un sinxelo comentario: “por pouco non hai Coca, que hai croque”.

Tamén foi lacónico no anuncio por palabras que inseriu no *Faro de Vigo* o día en que perdeu o can, como xa vaticinara a súa esposa cando marchou a S. Miguel de Outeiro para pasar uns días coa súa nai. O aviso dicía: “Se perdió un perro”. Era como botar unha botella ao mar; pero cabía a posibilidade de que alguén chamase ao xornal. O importante era non revelar que se cumprira a predición uxoria. Non serviu de nada. A única chamada foi a da propietaria: “Pero ¿como sabes que fun eu?” – “Porque só a ti se che ocorre semellante anuncio”.

O día que lle quedaron atrás a muller e o fillo, plantados nunha estación de servizo con ocasión de repoñer gasolina inda percorreu varios quilómetros, antes de lles reprochar con dozura: “moi calados ides”.

En cambio, estivo talvez demasiado grandilocuente unha madrugada entrando en Madrid adurmiñado e conducido polo seu curmán Juan Manuel Andrade Cima-

devila, cando o automóbil foi detido polo encargado do fielato. A xeito de saúdo, Valentín interpelouno agarimosamente así: “¿Qué dice el ilustre cancerbero de la Villa del Oso y del Madroño?”, a reacción do alcabaleiro foi máis ben violenta: “¡Cancerbero será usted!”.– “Iba durmiendo, hombre; no sabe lo que dice”.

A INVULNERABILIDADE, O ESTOICISMO

É rechamante a súa invulnerabilidade ou, polo menos, a súa capacidade de supervivencia impávida aos atentados, aos ictus, aos atropelos e a diversas formas de persecución política. A el podíase lle apoñer aquilo que dicía Daniel: “inatacable polos ácidos; infusible polo soprete”.

Como xornalista, foi privado de liberdade polo menos dúas veces: en 1924, como director do xornal *Galicia*, e en 1957, como director de *Industrias Pesqueras*.

Segundo as miñas noticias, con motivo do cesamento do Comandante Militar de Mariña de Vigo, Félix Ozámiz, *Industrias Pesqueras* dedicoulle unha semblanza na que se destacaba o seu sentido do deber e a eficaz traxectoria no referente á observancia das vedas, “executoria que non estivo exenta de certas notas de intemperanza”. Foi unha frase como esta a que lle valeu ao Director da revista 30 días de arresto por “unha falta de respecto de carácter leve á Autoridade Militar de Mariña”.

Debe lembrarse aquí que, durante anos, Valentín usou os pseudónimos de M., Xan Quinto e Mareiro. Non lle estaba permitido asinar co seu nome persoal en publicacións periódicas. Así o recordaba o Delegado Nacional de Prensa en 1947.

Como avogado, foi tiroteado no ano 1932 polo pistoleirismo libertario, e foi detido e desterrado pouco despois de acabada a Guerra, por presentar ao Goberno Civil un recurso administrativo en defensa dun colectivo de carniceros.

Como político, foi desterrado e logo baleado sen éxito en Verín por unha escuadra do amencer. Logo foi confinado na Serra de Queixa e mais en Pobra de Trives.

O último dos desterros levouno a Villanueva de la Serena (Badaxoz) onde era Gobernador militar o tristemente célebre Tenente Coronel Gómez Cantos. En 1939, este quixo celebrar o aniversario de certa acción de guerra liberando a tódolos presos gubernativos. Excluía do indulto o desterro do avogado Paz Andrade “que se salvó de la verdadera justicia que nuestra nueva España impone para los envenenadores del pueblo español”. Tales foron as súas palabras.

O característico de Valentín era a sobriedade e a indiferenza con que encaixaba estas continxencias. A maneira de enfrontarse ao desterro en Villanueva de la Serena foi conseguir ser autorizado para unha importante reunión de armadores vigueses en Bilbao. En realidade, os armadores fixeron a cita á mantenta, para favorecer a estrataxema de Valentín. De alí volveu para Vigo sen máis.

Antes da guerra, estaba autorizado por Manuel Portela Valladares para encerrar o seu automóbil nun garaxe dunha praza, accesible desde a Travesía Aurora, a

rentes da taberna de Elixio. O edificio enteiro de *El Pueblo Gallego* foi incautado e transferido ao ente chamado Prensa del Movimiento. Paz-Andrade non se deu por informado. Lembro o seu fillo gardando alí o Hudson e logo o Borgward Isabella, en plena década dos 60.

O AVOGADO

A avogacía foi a cerna da súa vida profesional, malia outras actividades que configuran a súa actividade polifacética. Hai que pensar na cantidade de tempo que lle tiña que absorber, nes primeiros tempos de exercicio da avogacía, a dirección do xornal *Galicia*, que tanto contaba para el e para todos, e que tanto o entusiasmara.

Foi axiña un letrado de gran prestixio en toda Galicia e fóra. Avogado xeneralista, como era propio do seu tempo, experto en Civil, Mercantil, Penal, Administrativo...

En xuño de 1932, ten lugar en Madrid o II Congreso Nacional da Avogacía Española. Paz-Andrade aparece citado repetidamente na prensa metropolitana daqueles días. Por certo, José Antonio Primo de Rivera, tamén. Consta que se coñeceron alí.

Xa non volveu participar nos outros dous congresos da avogacía española que houbo na súa vida. E foi mágoa que non aparecese no IV, o de León en 1970. Sen dúbida, xa non tiña tempo.

Tamén é certo que o seu tempo de lecer non o consagraba Valentín a tertulias de natureza profesional, nin fixo moita vida corporativa.

Iso non foi impenitizo para que se lle concedese unha condecoración da Orde de S. Raimundo de Peñafort.

Hai poucos meses fun honrado coa encarga de encher o capítulo sobre o Paz-Andrade Avogado e Economista no catálogo da exposición organizada pola Fundación Luís Seoane. Omitín alí e desexo consignar aquí que foi o primeiro, ou un dos primeiros avogados galegos en comparecer perante o Tribunal de Orden Público, o que fixo como defensor de Alberto Míguez, encausado polo seu libro *El Pensamiento Político de Castelao* (Ruedo Ibérico, 1965).

Naquel ano xa citado de 1932, por novembro, é creado o Ilustre Colexio de Avogados de Vigo, a partir do Colexio Provincial de Pontevedra, por vía de segregación. Nunha mesma mañá hai dúas xuntas xerais: a primeira é a de constitución con elección da Xunta de goberno (están presentes, con el, uns 25 letrados, case todos notables: Fernando Villamarín Rodríguez, Adolfo Gregorio Espino, Roberto González Pastoriza, Amado Garra Castellanzuelo, Raimundo Vidal Pazos, Elías Barros Martínez, etc.).

A segunda xunta ten por punto único da orde do día resolver sobre a comparecencia do Colexio, en concepto de acusación, na causa contra os activistas

que agrediran a tiros ao avogado Valentín Paz-Andrade, acordo que se tomou efectivamente. O xuízo oral fixose en 1933. A sentenza foi absolutoria. Valentín estaba ausente. O ilustre avogado defensor, Isidoro Millán Mariño, debeu de alegar insuficiencia de proba sobre a autoría das dúas persoas que aparecen identificadas historicamente. Ignoro se Ramiro Isla Couto, que acompañaba a Valentín no momento da agresión, asistiu á vista. Dúas testemuñas terían sido abondo para unha sentenza condenatoria.

É ben sabido que Valentín asumira a asesoría xurídica da entidade empresarial denominada “A Marítima”, así como a de varias outras asociacións de armadores. O seu labor cinguíase á defensa destes clientes en xuízo perante os tribunais que creara Eduardo Aunós, que terminaron por se chamar “Comités paritarios”. Non lle tocaba interferir en negociacións ou conflitos de natureza colectiva. Mesmo así, no curso dunha folga longa e dura, na que talvez asumira un papel de mediador, foi asaltado por dous pistoleiros na rúa do Príncipe (daquela, “de Fermín Galán e García Hernández”) que lle acertaron con 5 tiros, felizmente, do calibre 6, antes de que tivese tempo de empurrar a Ramiro Isla e de acubillarse el mesmo en “El Guante Varadé”. Unha das balas quedou aloxada no plexo braquial dereito. Polo visto, era delicado mobilizala. Levouna sempre consigo.

Eu puiden verlla en radiografía, en 1961, cando sobrevivira a un atropelo por automóbil, tamén prodixiosamente. Coido que o turismo era un Seat-600; o desolado condutor era o seu amigo o procurador Lago Goberna.

Xa en 1961, cando o tráfico de automóbiles comezaba a ser nutrido, a conduta inveterada de Valentín de baixarse dos coches pola porta do condutor sen tomar precaucións –apeo a tumba aberta– tiña que dar resultados como aquel dramático atropelo no seu barrio natal de Lérez. Houbo politraumatismo, pero Valentín era un ferrote e superou a proba.

Tampouco lle deixou calco o ictus cerebral de 1970.

O que lle daba a Valentín unha relevancia singular, á parte da súa cultura humanística e da súa habilidade oratoria, era a súa dobre cualificación en Dereito e en Economía. E, á súa vez, a súa capacitación económica era o froito dunha enorme vocación de proxección pública, dunha grande autoconfianza e dunha incomparable forza de vontade. Porque Paz-Andrade, canto economista, foi un puro autodidacta, e a súa preparación neste eido fora conseguida mediante uns madrugóns homéricos durante varios anos, rigorosamente coetáneos coa creación literaria. *Pranto Matricial*, por exemplo, é un poema que se vai alternando cos estudos de Economía.

Sempre pendente do mar, concentrou a súa pescuda na economía da pesca. Creou, en 1942, a revista *Industrias Pesqueras* e xa non se separaría da súa dirección, herdada logo polo seu fillo único, que a mantén viva.

Converteuse nun especialista escoitado internacionalmente. Ata o punto de figurar nunha breve lista de galegos de predicamento universal, da mesma xinea que Salvador de Madariaga ou Bibiano Fernández-Osorio Tafall.

De aí, por exemplo, a encarga pola FAO do “Informe al Gobierno de Colombia sobre el fomento de la industria pesquera” (1956), o traballo “Principios de Economía Pesquera”, ou a encomenda pola FAO de diversas misións a desempeñar en Iberoamérica.

Nada direi da súa obra económica; dos seus libros fundamentais nesta leira (*Galicia como Tarea e La Marginación de Galicia*)

Pero desexo comentar o efecto que tivo a colaboración que lle facilitou a Goñi para publicar o 14 de xaneiro de 1950, con motivo da morte de Castelao.

A consigna da Dirección Xeral de Prensa (daquela, Juan Aparicio, a punto de cesar) era que soamente se trataría da súa personalidade artística e en páxinas interiores. O título do traballo de Valentín parecía encaixar: “Castelao, el Hombre y el Artista”, pero figuraba na portada do Suplemento cultural de *La Noche* e ocupaba 4 columnas. Para alén diso, o contido excedía das limitacións previstas. Polo tanto, dúas semanas máis tarde a autoridade competente xa suprimira a aventura literaria que iniciara en 1949 o xornalista de cerna que era o navarro José Goñi, e que tantas ilusións acendera no ambiente galeguista. Era este xornalista dunha raza de xornalistas carlistas amantes da liberdade, como Manuel Cerezales e Xosé M.^a Castroviejo.

De tanta información económica rexistrada tiña que saír a obra empresarial concreta, e ese froito, previo o enxerto dos medios económicos de capitalistas con visión e con patriotismo, é o lanzamento da pesca conxelada e, polo tanto, de Pescanova, da que se converte en vicepresidente en 1960.

Non saíra o proxecto acariñado en colaboración co adiñeirado Manuel Cordo Boulosa, que se tería chamado Petrogasa. Ao final, a refinería non se fixo en Vigo.

Pero non é menos importante para Vigo, para Galicia e para España o acontecemento case periódico da celebración da World Fishing Exhibition, na cidade olívica, por seis veces ata agora.

O principio histórico desta serie de eventos é a reunión de Valentín Paz-Andrade e Alfonso Paz-Andrade cos representantes da WFE, señores H. S. Noel e James Miller, en abril de 1970.

Ata ese momento, a WFE tivera lugar 5 veces en Londres e unha vez en Dublín. En 1973, faise, por primeira vez, no Continente, e precisamente en Vigo.

Alfonso Paz-Andrade é, nesa primeira ocasión, o Secretario Xeral do Comité Executivo.

A segunda edición en Vigo sería en 1985. Desde esa vez, fanse simultaneamente as Conferencias de Ministros de Pesca. Alfonso Paz-Andrade desempeñará a presidencia do Comité Executivo en todas elas (1991, 1997, 2003, 2009).

Resulta difícil esaxerar a importancia que estes eventos veñen tendo para a economía da pesca e das industrias derivadas.

Valentín, o poeta, o avogado literato, co seu realismo, estivo no nacemento de todo iso.

O POLÍTICO

É ocioso destacar a súa relevancia na concepción de Galicia como nación, na construción do movemento político galeguista e do Partido que foi fundado en 1931.

A súa constante colaboración con Castelao sofre unha inflexión no delicado momento en que o Partido asume a táctica de se incorporar ao Frente Popular, decisión que causou a ben coñecida escisión de importantes persoeiros.

Daquela, Valentín optou por se postular para deputado na candidatura de Portela Valladares, con quen tiña intensa relación. Era un intento de situar nas Cortes un galeguista coma el, sen prexuízo das actas que puidesen conseguir os militantes do Partido. A candidatura de centro non tivo éxito. Para avaliar aquela decisión obxectivamente, desde un punto de vista práctico, habería que facer cálculos para os que este relator non está capacitado, porque responderían a unha técnica electoral (aquela de ir pola minoría, pola maioría ou ao copo) cos que hoxe non estamos familiarizados.

Na posguerra, Valentín aparece sostendo sempre con firmeza as súas conviccións democráticas e nacionalistas e ocupando un posto central na consideración da Galicia emigrante, pero relativamente distanciada do galeguismo do interior, institucionalizado como cultural ou político, incomunicación que debeu ser resultado dunha difícil relación con determinadas persoas.

Onde tivo Valentín un éxito indiscutible foi nos centros galegos de Iberoamérica, sobre todo, no Centro Galego de Buenos Aires e no círculo de personalidades de AGUEA: Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Antonio Baltar, conectados sempre pola singular figura de Isaac Díaz Pardo, sen esquecer a Eduardo Blanco Amor, que mantivo con el unha amizade moi asidua.

A TRANSICIÓN

Vivín con Valentín a formación da Xunta Democrática de Vigo, primeiro, da Xunta Democrática de Galicia, despois, e ata tiveron a honra de ser o seu suplente (e de Fernando García Agudín) nas sesións da Xunta Democrática de España, en París (Rue Fleuriot, 17 e Hotel Loti), dos días 20 e 21 de decembro de 1974.

Os creadores da Xunta Democrática sabían ben o que Valentín podía representar fóra de Galicia e fóra de España, e Valentín comprendía ben –como o resto dos que na Xunta participabamos– que a única maneira de realizar a última carreira final para conducir o réxime franquista ao seu desenlace, sen máis dilacións, era

a procura dunha transacción que asegurara ao propio tempo amnistía para todos e liberdades democráticas formais para abrílles o camiño ás forzas políticas nun marco constitucional. Calquera empeño en ameazar desde a rúa con represalias ou depuracións aos personaxes –xeralmente secundarios– que sobrevivían, ou a corpos enteiros do Estado provocaría a prolongación da ditadura por dez anos máis, como pouco.

Así, Paz-Andrade asumiu un papel representativo na Xunta, en primeiro lugar, logo, na Plataforma de Organizacións Democráticas (POD) e na Táboa Democrática de Galicia (13/07/1976), e finalmente na Comisión negociadora da transición, chamada ás veces “Comisión dos nove”, e outras, “Comisión dos dez”.

Proposto pola “Candidatura Democrática Galega”, foi elixido senador o 15 de xuño de 1977. Eran os seus compañeiros Francisco Fernández del Riego e Fernando Alonso Amat.

Tamén foi o único orador designado para lle dirixir a palabra á multitude, en Vigo, ao rematar a magna manifestación do 4 de decembro de 1979 por unha autonomía digna.

En 1980, figura na brillante lista dos promotores do grupo de opinión, “Realidade Galega”, instituto que foi concibido seguramente polos 12 membros do seu Consello de Dirección –ao que non pertencía Valentín– e que acaso non foi debidamente entendido, segundo a queixa dos seus fundadores, talvez pola mesma razón de que nunca foi ben explicado.

Estes últimos servizos políticos de Valentín, a unha idade xa avanzada, poñen un broche moito máis que decoroso á súa traxectoria política de galeguista, que se iniciara publicamente en 1917.

O SEU PRETENDIDO LUSISMO

É conveniente reflectir tamén sobre a inclinación reintegracionista de Valentín.

Digamos, para achegármonos ao tema, que Valentín amaba fondamente e coñecía amplamente a cultura e a literatura en lingua portuguesa.

Na miña opinión, ningunha obra literaria o absorbeu e fascinou tanto como *O Grande Sertão: Vêredas*, experiencia da que se deriva o seu traballo, *A Galecidade na Obra de Guimarães Rosa*, que lle serviu de tema para o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

Tiña enorme devoción polo seu dobre colega, por avogado e por poeta, Guilherme (de Andrade) de Almeida, 8 anos maior ca el, que traducira para o portugués o *Pranto Matricial* e lle puxo un prólogo a *Sementeira do Vento* (1968).

Valentín parte da constatación de que a estrutura e o léxico do portugués teñen enorme analogía cos do galego. Considera que toda aproximación que, dunha maneira natural e non protética, se produza só pode apuntalar o galego, axudando

tamén aos galegofalantes a teren acceso á literatura do longo campo da lusofonía, cos evidentes beneficios que desa proximidade se poden derivar, tanto cultural como economicamente. En definitiva, eu acho que esta foi sempre a postura dos militantes das Irmandades da Fala e dos fundadores do Partido Galeguista de 1931.

Rodrigues Lapa postulaba que o galego forma parte do portugués. Guilherme de Andrade acariña a noción do Galaico-Portugués, como fai Valentín, sen que ningún destes pretenda que se trate dunha lingua única. Se o galego e o portugués fosen un idioma único, non se entendería que Guilherme de Almeida traducise para a lingua lusa o poema de Valentín, que xa estaba escrito en galego.

Polo demais, eu nunca oín a Valentín propoñer a asunción “de choque” da grafía portuguesa. Máis ben gustaba de referirse “á lingua de Rosalía e de Camões”, resaltando con esta expresión a súa semellanza, máis que a súa pura unicidade. Agora ben, debo recoñecer que, nas súas postremerías, aceptou a grafía do portugués en doses heroicas para editar o seu derradeiro libro de ensaios: *Galiza lavra a sua imagen* (Ed. do Castro, 1985). Véxase que este título insire a palabra “imagen” que case está composta en grafía portuguesa, pero con remate en “n” e non en “m”. No caso deste seu último libro, Valentín estaría na liña de Ricardo Carballo Calero e de Ernesto Guerra da Cal.

Valentín era, sen dúbida, un ferrote; pero ademais, co paso do tempo –como era de esperar– resulta que a súa figura medra en troques de mirrar.

Aproveito a ocasión para felicitar á RAG por designalo como escritor galaradoado no Día das Letras Galegas de 2012, e ninguén me negará que, neste ano, Paz Andrade estivo como nunca.